

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE XULLO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.**- Acórdase a desestimación do recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo 2/436 da Xunta de Goberno Local, do 18 de xullo de 2012, de denegación de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para estación base de telefonía móvil na rúa do Pomar, número 3.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.**- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita no polígono 407, parcelas 176, 289, 290 e 292 de Gondar; para a substitución de carpintería en local social, colocando perfil de aceiro e falso teito de escaiola, no baixo do edificio sito en solo urbano na rúa Túnel de Oural, número 26; para a instalación de cheminea e reformas varias para local de planta baixa e terraza exterior, no edificio con licenza número 433/69 sito en solo urbano, na rúa Ramón y Cajal, número 2, baixo; para remodelación de portal e escailleiras para mellorar a accesibilidade ao ascensor no edificio con licenza número 575/67, sito na avda. da Coruña, número 68; para reforma de cuberta, sen modificar o volume e características existentes, no edificio sito en solo urbano, no Camiño Real, número 44 e para a construcción de marquesiña e peiraos de carga na nave sita en solo urbano consolidado da parcela 4, con planeamento incorporado Sector Sur-E.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSONAL.**- Acórdase o recoñecemento de servizos extraordinarios levados a cabo por persoal adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios por mor da celebración do "Arde Lucus" e a aprobación da forma de compensación.



Código Seguro de verificación:39v0a37i3dN7AyGHwd3oqA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	05/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	39v0a37i3dN7AyGHwd3oqA==	PÁGINA



39v0a37i3dN7AyGHwd3oqA==

**ACTAS E GOBIERNO**

JACA/cvr

Refª: 13extractoxg32

Asunto: XUNTA DE GOBIERNO LOCAL DO 3-7-2013

Acordase adiar o acordo relativo a aprobación das bases xerais do proceso extraordinario de funcionarización do Concello de Lugo.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase conceder o trámite de audiencia a empresa adjudicataria no expediente de modificación do contrato do servizo de mantemento, mellora e conservación das zonas verdes públicas e arboredo viario da cidade de Lugo.

Acórdase a aprobación dunha 2ª modificación substancial do proxecto "Muralla Digital" (C.P. 112410023) e da súa prórroga ata o 31 de decembro de 2013, así como a aprobación da sinatura da addenda ao acordo entre a autoridade de xestión e o beneficiario principal para a súa remisión ao secretariado técnico convxunto do POCTEP.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a instalación dunha estación base de telefonía móvil na estrada de Vegadeo-Pontevedra, KM 89 "Hotel Jorge I".

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a instalación dunha estación base de telefonía móvil na rúa das Leiteiras, 12.

Así mesmo, tense en conta o escrito no que se insta a rectificación da liquidación número 6018137 (2/2013), aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 26 de decembro de 2012, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para a reforma e ampliación do edificio para hotel balneario sito no Camiño do Balneario, s/n, por mor da modificación do presupuesto de execución material valorado polo Servizo de Arquitectura.

**Asinado pola Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	05/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	39v0a37i3dN7AyGHwd3oqA==	PÁGINA



39v0a37i3dN7AyGHwd3oqA==